



**Expediente núm.:** 1779/2019

**Procedemento:** Planificación e Ordenación de Persoal

**Asunto:** Selección de persoal laboral temporal e creación de Bolsa de reserva para os anos 2020 – 2021.- Contratación laboral temporal

**Categoría profesional:** Auxiliar de axuda no fogar (8 postos de traballo)

## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

### ANTECEDENTES

1. Tramitouse o correspondente expediente para a Selección de persoal laboral temporal e creación de Bolsa de reserva para os anos 2020 – 2021, para a cobertura de oito (8) postos de traballo na categoría profesional de “auxiliar de axuda no fogar” (cando as necesidades do servizo así o requiran, segundo establece o artigo 12 das Bases que rexerán a selección de persoal laboral temporal, por concurso – oposición, e creación dunha bolsa de reserva no concello do Pereiro de Aguiar para os exercicios 2020-2021).
2. Con data 25 de xaneiro de 2020 o Tribunal cualificador estende acta que eleva ao órgano competente coa proposta de nomeamento provisional para a categoría referida.
3. Con data 14 de febreiro de 2020, esta Alcaldía dita Resolución aprobando as listas definitivas de aspirantes propostos polo Tribunal cualificador, que superaron as probas selectivas do proceso de Selección de persoal laboral temporal e creación de Bolsa de reserva para os anos 2020 – 2021, de acordo coa orde de puntuación obtida no proceso selectivo, para os efectos da súa contratación laboral temporal, cando as necesidades do Concello así o requiran.
4. Con data 13 de febreiro de 2020, o Departamento de persoal deste Concello, emite informe sobre o procedemento seguido para o chamamento das persoas que integran a lista de aspirantes recollida na PROPOSTA DE NOMEAMENTO formulada polo Tribunal Cualificador na “Acta da valoración das entrevistas curriculares” de data 25 de xaneiro de 2020.

De conformidade co establecido no artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime Local; o artigo 136 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e artigos concordantes da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local

### RESOLVO

**Primeiro.-** Contratar aos/as seguintes aspirantes propostos polo Tribunal cualificador para os postos de traballo de “auxiliar de axuda no fogar”:

---

**Concello do Pereiro de Aguiar**

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988 259 385. Fax: 988 259395



Cod. Validación: 73Y7DFYPL4ZAJUC2ZQHKK7FR | Corrección: <https://concelloperreiro.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 4



## CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

- Jesica Dacosta Rodríguez, con DNI núm. \*\*\*9512\*
- Ana Isabel Domínguez Marquina, con DNI núm. \*\*\*2819\*
- Mónica Pereira Rodríguez, con DNI núm. \*\*\*6032\*
- María José Cid Gómez, con DNI núm. \*\*\*2369\*
- Begoña Cid Gómez, con DNI núm. \*\*\*2368\*
- Luisa Rodríguez Requejo, con DNI núm. \*\*\*8650\*
- María Eugenia Babarro Alonso, con DNI núm. \*\*\*5506\*
- Adrián Fraguas Fernández, con DNI núm. \*\*\*5100\*

**Segundo.-** Contratar aos/as anteditos/as aspirantes con data de inicio do contrato 17 de febreiro de 2020, e indicar que a data límite desta contratación non poderá superar a vixencia da Bolsa de Reserva (artigo 14 das Bases que rexerán a selección de persoal laboral temporal, por concurso – oposición, e creación dunha bolsa de reserva no concello do Pereiro de Aguiar para os exercicios 2020-2021), sendo a vixencia máxima da Bolsa ata o 31 de decembro de 2021.

**Terceiro.-** Formalizar o contrato de traballo na modalidade de contrato por obra ou servizo determinado, segundo o artigo 15 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto dos traballadores, e o artigo 2 do Real decreto 2720/1998, do 18 de decembro polo que se desenvolve o artigo 15 do estatuto dos traballadores en materia de contratos de duración determinada; en réxime de dedicación a tempo completo.

**Cuarto.-** Os custos salariais e demais condicións da dita contratación serán os que se detallan a continuación:

CATEGORIA	AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR
Nº traballadores	8
Tipo de contrato	Contrato de traballo por Obra ou servizo determinado
Xornada	100,00%
CNAE-Ocupación	8411
Retribucións brutas / Mes (incl. p.p.p.e.)	1.289,84 €
S.S. Empresa /Mes	422,42 €
<b>TOTAL MENSUAL</b>	<b>1.712,26 €</b>

**Quinto.-** A quenda de reserva queda establecida pola seguinte orde de puntuación, se ben irase actualizando conforme ao disposto nas Bases que rexerán a selección de persoal laboral temporal, por concurso – oposición, e creación dunha bolsa de reserva no concello do Pereiro de Aguiar para os exercicios 2020-2021(artigo 15):

	APELIDOS E NOME	TOTAL
--	-----------------	-------

**Concello do Pereiro de Aguiar**

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988 259 385. Fax: 988 259395



Cod. Validación: 73Y7DFYPL4ZAJC2ZQH7FR | Corrección: https://concelloperreiro.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 4



## CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

1	García Barreiros, Milagros	18,16
2	Canal Fraga, Isabel	18,01
3	González Nanín, Ana María	16,48
4	Barral Solá, Beatriz Eugenia	16,39
5	Rodríguez Gil, Miriam	15,95
6	Gómez Fidalgo, María Celia	14,66
7	Calvo Vidal, Nuria	14,63
8	Noguerol Fernández, Rubén	14,02
9	Rey Blanco, Purificación	14,01
10	Ramos Pérez, María Consuelo	13,9
11	Villa Álvarez, Isabel	13,6
12	Pato Fernández, Diana	11,28

Así mesmo, informaráselle achega do tratamento dos seus datos persoais e do compromiso de confidencialidade con ocasión da relación que se establece co Concello.

**Sexto.-** Publicar a presente Resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello ([www.concellopereiro.com](http://www.concellopereiro.com)).

**Sétimo.-** Dar conta da presente Resolución ao Concello Pleno e (no seu caso) á Xunta de Goberno Local, na primeira sesión que celebren.

**Oitavo.-** Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes para contar desde o día seguinte á recepción desta notificación, ante a Alcaldía deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas - LPACAP-, ou recurso contencioso - administrativo, ante os Xulgados do Contencioso - Administrativo de Ourense no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso - Administrativa. Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso - administrativo ata que aquel sexa resolvido expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Así mesmo, poderá exercer calquera outro recurso que considere pertinente.

Así o acorda o Sr. Alcalde, D. Luís Menor Pérez, no Pereiro de Aguiar; do que como Secretario – Interventor dou fe ó exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 e) do Real Decreto 128/2018,

**Concello do Pereiro de Aguiar**

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988 259 385. Fax: 988 259395



Cod. Validación: 73Y7DFYPL4ZAQJJC2ZQH7FR | Corrección: <https://concellopereiro.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 4



# CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

O Alcalde,

O Secretario – Interventor,

**DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE**

---

**Concello do Pereiro de Aguiar**

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988 259 385. Fax: 988 259395



Cod. Validación: 73Y7DFYPL4ZAJC2ZQHKK7FR | Corrección: <https://concelloperreiro.selectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4